

5ª reunión da mesa de negociación do **XIX** **Convenio TIC**. Nin un paso atrás.

5ª reunión de negociación do XIX Convenio TIC
¡NIN UN PASO ATRÁS!

As nosas principais reivindicacións

tic@servicios.ccoo.es www.www.ccoo-servicios.es/tic/ www.ccoo.es/Afiliate

CCOO
servizos

Hoxe, 4 de decembro de 2024, tivo lugar unha nova reunión da mesa negociadora do **XIX Convenio** de Consultoría, Tecnoloxías da Información, Estudos de Mercado e da Opinión Pública, a quinta desde que se reanudou a negociación.

Desde **CCOO** insistimos, unha vez máis, en que os excelentes resultados obtidos nos últimos anos demostran que hai capacidade máis que suficiente para atender todas e cada unha das nosas reivindicacións, que vos lembramos a continuación:

1. **Táboas salariais:** Incremento mínimo dun porcentaxe acumulado de dous díxitos.
2. Eliminación da “**Compensación e Absorción** de condicións económicas”.
3. Inclusión dunha **cláusula de revisión salarial vinculada ao IPC** que asegure o mantemento do poder adquisitivo.
4. Vixencia do Convenio de **3 anos**.
5. Regulación de **gardas, quendas e dispoñibilidades**.

6. Regulación da **nocturnidade, traballo en fins de semana e festivos e intervencións.**
7. **Dietas:** actualización dos importes e regulación.
8. Actualización dos importes de:
 - a. **Teletraballo.**
 - b. **Quilometraxe.**
9. Clasificación profesional:
 - a. **Eliminación do último nivel** de cada área profesional.
 - b. **Inclusión de 3 novas áreas funcionais:**
 - 1) Auditoría
 - 2) Consultoría Estratéxica
 - 3) Ciberseguridade (a máis importante para CCOO das tres).
 - c. Definición dos diferentes grupos e niveis de todas as áreas do Convenio.
10. Adecuación do texto á lexislación actual en todos os ámbitos:
 - a. Igualdade, conciliación...
 - b. Saúde laboral...

É o momento de dar un paso adiante na conquista de dereitos e condicións no sector que nos permita afastarnos da senda de precarización na que este virara nos últimos anos. En **CCOO** témolo claro, é momento de avanzar.

Abonda xa de que as grandes empresas do sector enchan os petos e presuman diso, ano tras ano, mentres quen facemos todo isto posible seguimos perdendo poder adquisitivo.

A próxima reunión será o **19** de **decembro**.

Seguiremos informando.